



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de setembro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado nove de setembro de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1, Ourense con data RE 11 de setembro de 2013 Nº RE 4637, relativo a Procedemento Ordinario 54/2012, dando traslado da sentenza do mesmo.
2. Comunicación da Confederación Hidrográfica do Miño Sil, con data RE 09 de setembro de 2013 Nº RE 4606, relativo a autorización para rehabilitación de edificación a nome de Garcia Pérez do Ribeiro.
3. Comunicación da Delegación da Economía e Facenda en ourense, con data RE 09 de setembro de 2013 Nº RE 4612, relativo a proposta de resolución con proposta de alteración sobre descripción catastral dun inmovible.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONVENIO DE COLABORACIÓN.-

Dase conta polo Secretario dos seguintes convenios de colaboración:

1. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o clube Ribeiro F.C., para a utilización das instalacións deportivas municipais e mantemento co campo de Fútbol O Souto
2. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o clube Ribadavia ATL, para a utilización das instalacións deportivas municipais e mantemento co campo de Fútbol de herba natural do complexo do Xestal.
3. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Clube Mizukami Escuela de Kárate Shotokan para a utilización das instalacións deportivas municipais.
4. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Clube Marusia de Ribadavia para a utilización das instalacións deportivas municipais.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes visto o contido dos citados convenios, acorda autorizar ao Sr. Alcalde para que proceda a súa sinatura.

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Xullo 2013, por importe de 2.802,40 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

2.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Agosto 2013, por importe de 2.926,40 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

DEVOLUCION DE IMPOSTO DE CONSTRUCCIONS, OBRAS E INSTALACIONES.

Visto o escrito de **Dona Virginia Sarabia Fernández**, veciña desta Vila, con domicilio na rúa dos Fornos nº 56, no que solicita a devolución da cantidade aboada en concepto de I.C.I.O con data 20.08.13, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, tendo en conta a renuncia a execución da obra e de acordo cos informes que constan no expediente, acorda:

1.- Acceder a devolución da cantidade de 42 euros, comunicando o presente acordo o interesado.

2.- Comunicar o presente acordo a Tesourería Municipal.

CERTIFICACIÓN Nº 6 DA OBRA DENOMINADA "REHABILITACIÓN DA ÁREA RECREATIVA DA VERONZA-O XESTAL.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 6 da obra denominada "Rehabilitación da Área Recreativa da Veronza-O Xestal", redactada pola Técnico Director da Obra Dona María Escudeiro Rossignoli, executado pola empresa Serviterra Enxeñería, S.L., por un importe total de 17.986,44 euros.



A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 6, anteriormente indicada por importe de 17.986,44 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Serviterra Enxeñería, S.L. co nº 130019, de data 16.09.2013, pola mesma cantidade.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

